

O fiscal pídelles seis anos e un día de prisión maior por "inxurias á patria con publicidade". Centos de testigos afirman que el non dixo as verbas que se lle imputan. Pero un teniente, salmantino por máis señas, despois de querer pegarlle, seica o denunciou. A gora está pendente do xuício que se vai celebrar o día vinte e un deste mes en Pontevedra. Máis de vinte mil firmas recollidas xa, protestan contra deste proceso e contra da falta de liberdade de expresión. A Suso Vaamonde parécenlle moito seis anos e un día, como lle pareceu moito unhas horas detido por dixer o que pensa nun país onde din que hai liberdade e están pondo atrancos por todas partes: decreto antiterrorista, decreto do bilingüismo, etc. Se o proceso de Albert Boadella foi sonado e se levantou unha ola de protestas, o de Suso Vaamonde, cantante do pobo galego, non o debe de ser menos, a acusación e a mesma.

SUSO VAAMONDE

"Non hai liberdade de expresión"

Eres xa bastante coñecido, sóhor de todo entre un certo público, pero o que se cadra todos non saíhan e a tua traxectoria como cantante.

Comecei a cantar no ano sesenta e sete, cando estudaí a "preu" en Vigo, no sesenta e nove integreime en Voces Ceibes, até que no setenta e cinco desaparecieron por meio do Movemento Popular da Canción Galega, que, por certo, o mesmo día que se fundou, no famoso recital de Santiago, xa se desfixo.

Marchei logo para a "mili" que non podo dixer que fose un paréntese total na miña actividade musical, xa que seguí cantando, algunha vez vestido de cura para que non se me recoñecese.

Ao rematala comecei con recitais eu só e grabeí o disco "Nin Rosmar Un Laído". Grabación que se fixo en directo no cine Veiga de Moaña. Despois xa viñeron as producións, nas que fixen discos da Roda, Verbas Xeitosas, Airiños Galegos, Contos para Nenos, e, pola miña banda, "Soños na Gaiola" (25 poemas de Manoel Maria), as primeiras cancións que se fixeron en galego para nenos. Despois veu un disco encol da emigración e outro sóhor de Celso Emilio Ferreiro.

A tua evolución como cantante iría parella a evolución da nación, ¿non é así?

Si, penso que hai bastante diferenza daquela guitarra de fai dez anos a hoxe. Agora hai máis facilidades, hoxe xa non saio a cantar só, senón que vou con un grupo de seis persoas que, logo, se ampliará a nove. Pero a evolución máis fundamental podemos dixer que foi de sete anos para aquí; para o que me serviron os anos anteriores foi para aprender a cantar, aínda que hoxe siga aprendendo.

Nótase agora unha diferenza fundamental con antes en que había moita ilusión que che amainaban os críticos ao pegarlle paus así porque así, sen ter para nada en conta o difícil que nos era xa só poder cantar.

Agora a crítica é máis permisíbel, pero os atrancos aínda seguen a existir. Un deles por exemplo o ter que ir grabar a Madrid, e facelo en tres días, estes ben de gorxa ou non.

No tocante a evolución ideolóxica é difícil vela na miña traxectoria xa que as cancións son miñas só en parte, ao facer eu a música, xa que a letra e dos poe-

tas: Manoel Maria nos "Soños na Gaiola", Bernardino Graña, Menéndez Ferrín, Neira Vilas etc.

Se e posíbel definir a un cantante, ¿ti como farías a tua propia definición?, ¿onde te incluírias?

Primeiramente definiríame como cantante galego, as letras que eu escollo sempre levan un mensaxe social, non canto ás mariposas e ás froles normalmente. Por exemplo, os Contos na Gaiola, aínda que falan de bichitos, fan dunha forma moi especial. En canto ao meu tipo de música poderíamolo definir como baladas.

A letra xa dixeches que era de poetas, pero para facer a música das tuas cancións, ¿en que te inspiras?


Son autodidacta, pñoome diante do poema e el mesmo me pide a música, xa que unha das ventaxas do idioma galego é que xa el che da a música.

As tuas cancións son directas, algunha vez coxunturais, e hai quen até as tacha de panfletarias. ¿Porque escolliche este tipo de cancións?

Habería mil razóns para xustificar este tipo de música, entre outras cousas que non estamos a un nivel tan outo como para poder meterte a fondo. De feito as cancións que máis gustan do meu repertorio son as que menos me gustan a min. Ademais, son as que máis pide a xente, notando eu tamén que son populares e reflexan unha realidade palpábel e clarísima.

No referente ao panfleto... o que penso é que as miñas ideas seguen sendo clandestinas, aínda segue sendo necesario o panfleto xa que estamos como antes; o que non quere dixer que non trate de evolucionar na miña música, a proba é que nos recitais non só canto panfletos, pero hai que seguir tirando pola rua, igoal que hai que seguir facendo pintadas.

Por outra banda está o que non se coñece a canción que eu fago, sigo decindo en que estou totalmente de acordo en que hai que facer canción directa, pero eu non só fago ese tipo de canción, por exemplo Soños na Gaiola non ten nada de panfleto, e hai poemas como Emigrantes no Mar, que é un gran poema, e algún dixo que era un panfleto. No primeiro disco, se o chataron



de panfletario foi porque levaba "GUA..." canción que realmente é popular na doutrina e nas coplas; no mesmo disco hai cancións como "Vólvin a Terra pero Perdin o Amor", que é unha canción de amor preciosa. Hai outras de Castelao, que de panfletario non ten nada, panfletario chamaríanlo os que se senten casteláns. Os que lle chaman panfleto a algunhas cousas xa se sabe quens son.

Hoxe estás de actualidade sóhor de todo polo proceso que che están a seguir. ¿Cal é o seu orixe?

Todo ven por unha canción que chaman panfletaria, sendo unha canción popular, unha canción que fixo o pobo e que o pobo segue a cantar.

Ocurriu todo en Pontevedra o 2 de xuño do 79 na festa antinuclear, festa que naceu gafada, xa que nada máis comezar viñeron as prohibicións, sacaron a pancarta, detiveron a un rapaz por dixer que aquí había presos políticos, proibiron falar aos alcaldes dos pobos afectados pola autopista, e logo, ao final, un militar quixo subir ao escenario para pegarme. Xente que estaba ali, entre eles meu pai, agarrárono e non o deixaron subir, pero a policía detivo aos que ían coller este home e deixou libre ao agresor. Chamárono logo polos altavoces para que subira e expuxera o motivo polo que me quería pegar, pero xa non estaba. Entón detivéronme a min, a un fotógrafo e a un dos organizadores. Isto era un sábado á tarde e non saín até o luns a mañá en que decretaron a miña liberdade provisional.

E despois, ¿qué?
A certo tempo chegoume

este entre catro mil. Se se molesta a laráse falando e non querendo do subir a pegarme ao escenario.

¿Non che parecen moito seis anos e un día aínda que poderan probar as acusacións?

Non me parece moito seis anos e un día, parece moito vinte e catro horas. O tempo que pasei na comisaría pareceume demasiado, xa que se hai liberdade de expresión ten que habela e nada máis. Pero non a hai, se eu estou nun escenario e teño que estar pendente de quen veña a pegarme ou me tiren unha pedra, ou cousas polo estilo. Outra cousa é que se non gosto me asubien ou che fagan iso tan feo de tirarche ovos. Até aí podo admitilo, pero que teñas que estar pendente de non cantar isto por aquí, estoutro polo outro, para iso era mellor como antes que mandabas as letras a censura e aínda chas rechazaran todas xa sabías o que tiñas que facer; pero se din que hai liberdade e tes que autolimitarte... para min como todo é libre, canto así e así seguirei cantando, por suposto.

E merece a pena arriscarse a seis anos e un día ou a vinte e catro horas na cadea por cantar...

Vale a pena aínda que señan cincuenta anos se se fai a cousa con honestidade. Eu concretamente xa son dez anos de historia, dez anos de atrancos, dez anos de represión. Ao facer unha canción deste tipo xa sabía que ía haber problemas. Hai quen di que xa non fai falla cantar así en Galicia, pero para min, como xa dixer, estamos igoal que antes, as miñas ideas, polo que se ve, seguen sendo prohibidas. Agora claro, moitas veces non podes falar como queres, pero falar hai que falar e demostrar entre outras cousas que aquí non hai liberdade de expresión.

A. EYRE

